



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

## **PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS REGULADORAS DA CONTRATACIÓN, MEDIANTE PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DO SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO COMPRENSIVO DAS ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL, ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA E MEDICINA NO TRABALLO**

### **1.OBXECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN**

O servizo comprenderá a realización dos trámites descritos no prego de prescricións técnicas para **todo o persoal ao servizo do Concello de Cotobade** (de persoal funcionario, laboral fixo e de duración determinada) que en cada momento preste servizos para esta Administración e a realización dos recoñecementos médicos previos, a solicitude da Administración.

Neste sentido publicouse no Boletín Oficial de Pontevedra nº 235 de 09.12.2013 o cadro de persoal que se ve incrementado ao longo do ano en función dos diversos plans autonómicos e provinciais aos que se acolle o Concello de Cotobade e das necesidades temporais da Administración Local.

### **2.DURACIÓN**

A duración do contrato de servizos será de **UN ANO** con efectos desde a súa formalización.

De acordo co artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de contratos do sector público prevese a posibilidade de tres prórrogas de un ano cada unha delas acordadas antes do remate do prazo de duración daquel.

A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario.

En todo caso, non se admite a concertación de prórrogas tácitas.

### **3.CONTIDO DOS TRABALLOS**

Os traballos consistirán en levar a cabo as actuacións de prevención que a continuación se describen:

#### **ESPECIALIDADES DE SEGURIDADE NO TRABALLO, HIXIENE INDUSTRIAL E ERGONOMÍA E PSICOSOCIOLOXÍA APLICADA**

1.Deseño e elaboración do Plan de Prevención, colaborando no seguimento do mesmo.

2.Establecemento da Programación anual orientativa do Servizo de Prevención, ao inicio de actividade, mediante a entrega dun cronograma estimativo que conteña as actuacións técnicas.

3.Realización, revisión e/ou actualización da Avaliación de Riscos Laborais (ARL), xestionando esta mediante unha aplicación informática propia.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballido 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Na ARL identificaranse, avaliaranse e propoñeranse as medidas correctoras que procedan, considerando para iso todos os riscos existentes na empresa, así como os derivados das condicións xerais dos lugares de traballo, locais, equipos de traballo e as instalacións de servizo e protección.

A ARL revisarase nos casos esixidos polo ordenamento xurídico, en particular, con ocasión dos danos para a saúde dos traballadores que se producen..

4.Deseño e elaboración da Planificación da Actividade Preventiva (PAP), xestionando esta mediante unha aplicación informática propia. Realización coa periodicidade que requiran os riscos existentes, a actividade de seguimento e valoración da implantación das actividades preventivas derivadas da avaliación.

5.Análise das posibles situacións de emerxencia e las medidas necesarias a adoptar en materia de primeiros auxilios, loita contra incendios e evacuación dos traballadores, Medidas de Emerxencia, coas consideracións establecidas.

6.Información aos traballadores sobre os riscos para a seguridade e saúde no traballo, sobre as medidas e actividades de protección e prevención e sobre as medidas de emerxencia.

7.Formación en materia preventiva aos traballadores, coas consideracións establecidas.

8.Asesoramento no control e xestión da seguridade na contratación de empresas de servizo, contratistas y subcontratistas

9.Asesoramento en aspectos relativos á Coordinación de Actividades Empresariais derivados do cumprimento del R.D. 171/2004.

10.Elaboración da Memoria Anual á finalización da actividade. Valorarase a efectividade da integración da prevención de riscos laborais no Sistema Xeral de Xestión da Prevención da empresa a través da implantación e aplicación do Plan de Prevención de Riscos Laborais en relación coas actividades preventivas concertadas.

11.Deseño do sistema necesario para o rexistro e mantemento da documentación que pode ser solicitada por calquera administración, en materia de Seguridade e Saúde, segundo as obrigacións establecidas na Lei de Prevención de Riscos Laborais.

12.Asesoramento e apoio ao empresario, aos traballadores e aos seus representantes e aos órganos de representación especializados, nos termos establecidos na normativa aplicable. Estudos específicos de adecuación de lugares de traballo, locais e as instalacións de servizo e protección. Inclúese a comprobación destes estudos e a valoración da necesidade ou non deste tipo de estudos.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

13. En relación ás instalacións e procesos sometidos a inspeccións técnicas regulamentarias a cargo de organismos de control acreditados, a actuación do servizo de prevención alleo limitarase á información á empresa respecto á necesidade de concertar as preceptivas inspeccións ou auditorías con este tipo de entidades acreditadas.

14. Con respecto á actividade de Formación, hai que considerar o seguinte:

a) Prestarase o asesoramento e apoio precisos para definir as necesidades formativas dos traballadores, de maneira que se poidan concretar nun Plan de Formación, desenvolvido a través de programas anuais, que será función das necesidades detectadas na Avaliación inicial de Riscos Laborais.

b) A formación incluída dentro do contrato consistirá na formación dos traballadores sobre os principais riscos para a seguridade e saúde nos seus postos de traballo e sobre as medidas e actividades de protección e prevención para paliar isos riscos, baseándose na Avaliación de Riscos Laborais. Esta formación irase actualizando cos cambios que se vaian producindo.

15. Con respecto ás Medidas de Emerxencia, inclúese a elaboración das normas de actuación en caso de emerxencia e a comprobación do Plan de Emerxencia Interior, do Manual de Autoprotección e do Plan de Autoprotección existentes nas instalacións, dependendo en cada caso da necesidade dun ou outro.

## **ESPECIALIDADE DE MEDICINA DO TRABAJO**

1. Establecemento da Programación anual orientativa do Servizo de Prevención ao inicio de actividade, mediante a entrega dun cronograma estimativo que conteña as actuacións sanitarias.

2. Avaliación inicial da saúde na incorporación ao traballo, tras ausencias prolongadas por motivos de saúde e a intervalos periódicos, de acordo con Protocolos Médicos Específicos desenvolvidos polo servizo de prevención alleo seguindo as recomendacións do Ministerio competente, das Consellerías competentes das Comunidades Autónomas e das Sociedades Científicas da Especialidade.

3. Elaboración e rexistro dos Informes Médicos correspondentes e da documentación sanitaria derivada dos mesmos:

3.1. Informe Médico Personalizado, co que se complementan tódolos exames de saúde, dirixido a todos os traballadores do Concello de Cotobade en servizo activo en cada momento.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

3.2.No seu caso, recomendacións sobre os resultados das avaliacións de saúde dirixidas ao traballador, así como sobre hábitos de vida en función do xuízo clínico e do posto de traballo.

3.3.Conclusións sobre a Aptitude Médica para o desempeño do seu posto de traballo.

3.4.Informe global dos exames de saúde dos traballadores, respectando o dereito á intimidade, á dignidade e á confidencialidade.

3.5.Elaboración e conservación a disposición da autoridade laboral da documentación relativa á práctica dos controis de saúde e conclusións.

4.Valoración da información proporcionada pola Administración das enfermidades que se produzan nos traballadores.

5.Estudos epidemiolóxicos e de mobilidade.

Análise dos resultados da vixilancia da saúde dos traballadores e da avaliación de riscos con criterios epidemiolóxicos, sempre e cando sexa posible.

En colaboración co resto dos compoñentes do servizo, analizaranse as posibles relacións entre a exposición aos riscos profesionais e os prexuízos para a saúde e se proporán medidas encamiñadas a mellorar as condicións.

6.Estudo e valoración dos riscos que poidan afectar ás traballadoras en situación de embarazo ou parto recente, aos menores e a os traballadores especialmente sensibles a determinados riscos, e proposta das medidas preventivas adecuadas.

7.No seu caso, remisión á Administración Sanitaria da información requirida.

8.Asesoramento e colaboración para a definición da Información / Formación necesaria en Medicina do Traballo. Deberase integrar no Plan de Formación Xeral de Prevención de Riscos Laborais da Administración.

9.Colaboración en campañas sanitarias. Promoverase a colaboración nas campañas sanitarias e epidemiolóxicas organizadas polas Administracións Públicas competentes en materia sanitaria.

10.Realización dunha Memoria Anual, que recolla todas as actuacións sanitarias levadas a cabo na Administración e que integran no seu conxunto a Vixilancia da Saúde dos traballadores.

## CONSIDERACIÓNS Á ESPECIALIDADE MÉDICA



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

1.A Vixilancia da Saúde está concibida para detectar riscos específicos da Saúde en cada posto de traballo.

Está garantida polo empresario e só poderá levarse ao cabo cando o traballador preste o seu consentimento. Realizarase por persoal sanitario con competencia técnica, formación e capacidade acreditada, que en todo momento está comprometido na salvagarda do dereito á intimidade e dignidade da persoa e a confidencialidade de toda a información relacionada con seu estado de saúde.

O resultado dos recoñecementos médicos será comunicado ao traballador nun sobre pechado ou mediante vía telemática, que garanta a confidencialidade, e a cuxo contido no deben acceder nin o empresario nin terceiros. O empresario que reciba o sobre pechado debe custodialo con dilixencia e entregalo unicamente ao traballador afectado.

Ao empresario e ás persoas ou órganos con responsabilidades en materia de prevención só se lle comunicarán as conclusións obtidas con respecto á aptitude do traballador para o desempeño do posto de traballo ou coa necesidade de introducir ou mellorar as medidas de protección ou prevención.

2.Os recoñecementos médicos serán proporcionais ao risco, deben causar as mínimas molestias ao traballador, e estarán baseados, en canto ao seu contido e periodicidade, en Protocolos Médicos Específicos desenvolvidos polo Servizo de prevención alelo seguindo as recomendacións do Ministerio competente, das Consellerías competentes das Comunidades Autónomas e das Sociedades Científicas da Especialidade.

**Inclúense os recoñecementos médicos previos, é dicir, para persoal que non sexa do cadro de persoal da empresa para determinar a súa aptitude para ocupar o posto.**

3.Os Recoñecementos Médicos constarán de:

A.Anamneses Clínica: Recolle de forma sistematizada, por parte do médico, a información que o traballador lle aporta sobre o seu estado de saúde e os riscos a os que se ve sometido.

B.Antecedentes Persoais e familiares máis relevantes, e que se refiren aos problemas de saúde sufridos con anterioridade ao recoñecemento en curso.

C.Descripción detallada do posto de traballo, así como o Historial Laboral e os riscos detectados con anterioridade.

D.Exploración física xeral e específica, e as probas diagnósticas xerais e complementarias de acordo co establecido en cada Protocolo.

E.Informe Médico- Laboral:



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

-Elaborado a partir do conxunto de probas e prácticas médicas realizadas durante o Recoñecemento Médico, é un documento informativo destinado a cada traballador, de forma persoal e confidencial.

-Informe de Aptitude Laboral.

-Traballo epidemiolóxico e, en xeral, do estudo colectivo e integral das condicións de Saúde na empresa.

-O servizo de prevención alleo comprométese a notificar cantas probas médicas sexan necesarias realizar para casos concretos, segundo indicacións médicas baseadas nos Protocolos Médicos Específicos, e que, ao non contemplarse nas Condicións Económicas deste Acordo, puideran incrementar as mesmas.

4.O contido e periodicidade dos Recoñecementos Médicos veñen marcados polos diferentes Protocolos Médicos Específicos desenvolvidos polo servizo de prevención alleoseguindo as recomendacións do Ministerio competente, das Consellerías competentes das Comunidades Autónomas e das Sociedades Científicas da Especialidade.

5.Os servizos ofertados, concértanse para todos os traballadores pertencentes ao na data de aprobación do expediente de contratación.

En caso de variación do Cadro de Persoal protexido, independentemente dos aspectos económicos que conleve tal variación, deberá ser notificada pola Administración, ao Servizo de Prevención Alleo e ser incorporada ao Contrato-Concerto mediante a sinatura da correspondente Addenda.

6.O Servizo de Prevención colaborará nas campañas de información, divulgación e en xeral campañas consideradas de Saúde Pública promovidas e financiadas polas Administracións Públicas e que afectan por igual a amplos sectores da poboación española.

7.O Servizo a contratar inclúe ademáis a asesoría e asistencia xurídica no ámbito administrativo sancionador, relacionada coas especialidades preventivas contratadas consistente en:

- a)Escritos de contestación ante requirimentos da Autoridade Laboral.
- b)Xestión e tramitación de expedientes sancionadores: recursos administrativos pertinentes.
- c)Asesoramento ante posibles inspeccións, que se lle puideran presentar á Administración, relacionado coas especialidades preventivas contratadas.

3. • Accidentes e incidentes.



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballado 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Colaboración e asesoramento na determinación das causas básicas dos accidentes producidos nas instalacións e das medidas preventivas para evitar a súa ocorrencia.

## 4.OBRIGAS DO ADXUDICATARIO

a) Prestar o servizo con carácter dilixente e cumprindo o prego de clausulas administrativas, de prescricións técnicas e a lexislación vixente.

b) Facilitar á Administración o horario que se considere máis operativo en función dos traballos e obxectivos. Deberá asumir, ademais, o transporte destes e o seu asesoramento técnico.

c) Facilitar á Administración a relación de material de todo tipo destinado ao servizo.

d) A adquisición do material e maquinaria, necesarios para a prestación do servizo, así como os gastos de mantemento serán por conta do adxudicatario.

e) O adxudicatario deberá dispoñer dun seguro de responsabilidade civil que cubra posibles danos a terceiros na prestación dos traballos contemplados, así como os que se provoquen aos elementos confiados a súa conservación.

f) Á tramitación de todos os permisos, licenzas, avais e autorizacións sectoriais necesarios para a execución do contrato.

g) Queda obrigado o adxudicatario, á observancia da lexislación social e laboral e de prevención de riscos laborais do cal é personalmente responsable.

**h) Deberá dispoñer dun centro médico na comarca de Pontevedra para a realización dos correspondentes recoñecementos médicos ou ben facilitar a súa realización mediante o fletamento dunha unidade móbil á Casa Consistorial.**

i) O concerto deberá cumprir coas esixencias establecidas no artigo 20 do Real Decreto 39/1997, de 17 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento dos servizos de prevención.

## 5.SEGUIENTO E CONTROL

A empresa adxudicataria propoñerá un responsable do contrato entre o seu persoal que fará as funcións de interlocutor coa Administración Municipal.

Para a supervisión da marcha deste contrato poderanse establecer as instrucións e orientacións que estime pertinentes para a correcta realización do obxecto do contrato, convocaranse cantas reunións de seguimento sexan necesarias para o seu correcto desenvolvemento.

## 6.OBRIGAS DA ENTIDADE LOCAL



# CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Para que o servizo se realice con total garantía, a entidade local deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Autorizar ao adxudicatario para acceder aos lugares de traballo
- b) Prestar o asesoramento e a asistencia adecuadas na execución do contrato.
- c) Facilitar ao servizo de prevención a relación nominal dos traballadores integrados en plantilla e contratados en cada momento.

## 7.IMPORTE MÁXIMO E PREZO DE LICITACIÓN

O prezo total do servizo ascende á contía de 3.000 euros.

Este prezo queda desglosado da seguinte maneira:

Servizo de prevención alleo (Especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicocioloxía aplicada):

1000,00 € anuais (826,45 € BI e 173,55 €)

Medicina do Traballo: 2000,00 € (Exento de IVE: artigo 20 da Lei 37/1992 do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido)

Cotoabade 20 de novembro de 2014

O Alcalde

Jorge Cubela López

